


02 de Setembro de 2015

[Correo](#) | [Favoritos](#) | [Imprimir](#)

O IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos de Ribadeo inclúe novidade coma talleres de motocicletas e diagnose

25-08-15



Ribadeo, 25 de agosto de 2015.- Setenta e dúas persoas participarán no IV Fórum Innovación e Formación sobre Vehículos, que se celebrará desde este mércore en Ribadeo, organizado pola Asociación de Profesores de Automoción de Galicia.

O presidente de Apaga, Álvaro Doural, explicou este martes pola mañá que “as perspectivas son boas, hai unha serie de relatores importantes e incorpóranse actividades novas, como o taller de motocicletas, temas de diagnose e ademais vaise dedicar unha parte importante aos programas europeos nos que a asociación está traballando neste momento, pois hai tres proxectos en marcha”.

Nas instalación do hotel O Cabazo ata o venres “tamén se vai recordar a historia de Citroën, que é a marca que vamos expoñer este ano durante a mostra de vehículos clásicos do sábado e o domingo. Vamos ter vehículos do grupo Peugeot-Citroën, entre os que haberá algunas reliquias importantes dos anos 1919 e 1920, que nos vai ceder unha empresa de Barres e que son un Peugeot e un Citroën Torpedo, que era como se chamaba no seu momento, que son dignos de que a xente veña a velos porque son dúas pezas de museo importantes. E tamén teremos vehículos novos, que están saíndo ao mercado agora”.

O IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos dará comezo mañá ás 10:00 horas coa conferencia que pronunciará Jaime García Aguado, que é profesor da Escola Robert Bosch. Ata o venres haberá charlas e talleres de soldadura, climatización, aerografía, motocicletas e diagnose.

Os asistentes ao evento chegan procedentes de Castela-León, Asturias, Navarra e Galicia, entre outras comunidades.

De xeito complementario Apaga organiza tamén a III Mostra de Vehículos Clásicos, que terá

ugar os días 29 e 30 de agosto. Álvaro Doural conta que “os horarios de visita serán a partir das 10 da mañá ata as 14 horas e despois de 4 a 8 da tarde. Contaremos con máis de 20 vehículos clásicos e unha decena de coches novos; e incluso algúns estarán matriculados, para que a xente os poida probar. Estarán nos xardíns do hotel O Cabazo”. A entrada é gratuita.




02 de Setembro de 2015

[Correo](#) | [Favoritos](#) | [Imprimir](#)

Comezou en Ribadeo o IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos, organizado por APAGA

26-08-15



Ribadeo, 26 de agosto de 2015.- Comezou en Ribadeo o IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos, que organiza a Asociación de Profesores de Automoción de Galicia e ao que asisten 72 persoas do mundo do ensino, do sector do automóbil, alumnos de FP e universitarios e tamén afeccionados ao mundo do motor, chegadas desde diferentes puntos da xeografía española.

Na primeira xornada do evento Jaime García Aguado, profesor da Escola Robert Bosch, falou sobre os procesos de diagnose nos vehículos e Adrián Rodríguez Otero de Drivex School SL analizou os sistemas de formación para a competición. Pola tarde haberá obradoiros de soldadura, de climatización, de aerografia, motocicletas e diagnose.

Este xoves, Jesús Vicente Queipo da empresa Luk-Aftermarket Service, disertará sobre 2C (embrague dobre) e Juan Piñeiro, profesor no IES de Curtis, falará sobre sistemas de antiarranque. A xornada completarase cunha charla sobre o programa Erasmus + e coa presentación dos resultados acadados polo proxecto de mobilidade Aprender a aprender na FP, que se veu desenvolvendo por parte de Apaga ao longo dos últimos meses. Xa pola noite ás 21 horas terá lugar a asamblea xeral da Asociación de Profesores de Automoción de Galicia. Álvaro Doural explica que “os principais temas que abordaremos serán a presentación dun informe co estado de contas, o resultado dunha auditoría realizada hai un mes e tamén a posible modificación dos nosos estatutos para adaptalos á novas situacións, etc... tamén falaremos de accións de futuro, de novos proxectos, da futura colaboración que queremos establecer cos Concellos da comarca da Mariña”. A xornada do xoves rematará cunha cea de todos os participantes no IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos, que rematará o venres a mediodía.

Despois o sábado e o domingo terá lugar a III Mostra de Vehículos Clásicos, nos xardíns do

02 de Setembro de 2015

[Correo](#) | [Favoritos](#) | [Imprimir](#)

O xefe de servizo de SEPIE destacou no IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos de Ribadeo que no Estado se aprobaron este ano 307 proxectos de mobilidade Erasmus +

27-08-15



Ribadeo, 27 de agosto de 2015.- Polo IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos, que se celebra en Ribadeo, pasou este xoves José Antonio López, xefe de servizo de SEPIE, a axencia nacional de xestión do programa Erasmus +. López Álvarez destacou que este ano se aprobaron en España 307 proxectos de mobilidade, que implicarán que tanto alumnos coma profesores visiten outros países durante o curso 2015/2016 para completar a súa formación, e 39 proxectos de cooperación con outros centros e entidades, que coordinan entidades españolas.

O xefe de servizo de SEPIE expuxo na súa intervención accións clave e posibilidades no sector da FP: falamos das diferentes accións clave que ten o programa, as posibilidades de financiamento que hai para entidades que queren facer proxectos de cooperación europea, para non soamente mandar alumnos, que é a acción de mobilidade más coñecida do programa, senón que tamén existen outras posibilidades: facer proxectos de cooperación con outras entidades, desenvolver materiais didácticos ou produtos doutro tipo de forma conjunta con outros países”.

José Antonio López Álvarez destacou que “en España estes programas teñen moita demanda, non podemos financiar todos os proxectos aprobados, o proceso é bastante competitivo, pero na convocatoria deste ano saíron aprobados 307 proxectos de mobilidade en todo o país, de centros que van mandar alumnos ou profesores fóra. E tamén temos 39 proxectos soamente no sector de Formación Profesional de centros que coordinaron iniciativas de cooperación”. O profesorado que viaxa a outros países “descobre que hai moito que aprender doutros países, pero tamén que moitas veces as cousas se fan en España moito mellor do que nós”.

ensamos. Sempre cambia a perspectiva que teñen os profesores respecto ao seu traballo: ven o que se fai fóra, o que se fai mellor e tamén o que se fai igual de ben aquí. E logo para o centro estes profesores son embaixadores do programa para os seus compañeiros, que se volven moito más dinámicos”.

Na tarde deste xoves será APAGA, a Asociación de Profesores de Automoción de Galicia, a que presente os resultados do proxecto de mobilidade Aprender a aprender na FP, que os levou a viaxar a Italia, Alemaña e República Checa. Será ás 19:30 horas. E xa pola noite celebrarase a asemblea xeral anual do colectivo.

O IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos concluirá este venres. Nesa xornada falarase de tecnoloxía futura no presente, de Citröen como marca ao longo da historia e de motorizacións PureTech.

Xa o sábado e o domingo terá lugar a III Mostra de Vehículos Clásicos, nos xardíns do hotel O Cabazo.



02 de Setembro de 2015

[Correo](#) | [Favoritos](#) | [Imprimir](#)

"Moi positivo" balance do IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos que remata en Ribadeo

28-08-15

Ribadeo, 28 de agosto de 2015. Concluí en Ribadeo o IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos, organizado por Apaga (Asociación de Profesores de Automoción de Galicia) e que reuniu durante tres días a 72 participantes. Álvaro Doural fai un balance moi positivo do evento.

O presidente de Apaga dixo que "o balance é moi positivo polo incremento de participación, creo que o ritmo de traballo mellorou bastante, a xente está moi animada, por exemplo os obradoiros de onte, que estaba previsto que rematasen ás sete e media da tarde ao final case eran as nove da noite e aínda estaba a xente facendo prácticas e actividades".

E a asemblea xeral de Apaga celebrábase o venres á noite onde "tratamos unha serie de asuntos, como a modificación dos estatutos da asociación, presentáronse os proxectos europeos que vamos facer no período 2016-2017. Falouse de seguir cos fins de semana tecnolóxicos. Tamén seu deu a coñecer a situación económica e a auditoría de contas que se fixo hai dous meses e informouse ademais do número de socios, que neste momento é de case 100", engadiu Álvaro Doural.

Tras o Fórum chega mañá a III Mostra de Vehículos Clásicos, como actividade complementaria. O presidente de Apaga sinala que "na mostra vanse poder ver toda unha serie de vehículos da liña de Peugeot-Citroën, dende algúns dos anos 1919 e 1920 ata outros más recentes, como os moi populares 2 Cabalos ou Dyane 6, etcétera. Tamén vai haber coches novos, Peugeot e Citroën, que acaban de saír ao mercado e a xente que queira probalos poderá facelo. Vai haber persoal para atender aos visitantes o sábado e o domingo".

Doural cre que "vai ser unha exposición interesante para todo o mundo, que a algúns nos recordará aqueles tempos de cando tíñamos 18 anos, acabábamos de sacar o carné de conducir e a única posibilidade que tíñamos era conducir un Dyane 6 ou un 2 Cabalos".



G +1



04 de Setembro de 2015

[Correo](#) | [Favoritos](#) | [Imprimir](#)*Cronica 3.com*

Rematou a III Mostra de Vehículos Clásicos de Ribadeo

31-08-15



Ribadeo, 31 de agosto de 2015.- Rematou este domingo en Ribadeo a III Mostra de Vehículos Clásicos, que organizou a Asociación de Profesores de Automoción de Galicia (Apaga) como actividade complementaria ao IV Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos. Moitas foron as persoas que durante o sábado e domingo se achegaron a disfrutar da exposición na que foi posible ver coches de principios do século XX. Álvaro Doural agradece "a todos os propietarios o seu xesto, que permitiu amosar estes clásicos durante dous días nos xardíns e nos garaxes do hotel O Cabazo".

[G+1](#)